



PREMIOS DEPORTE E VIDA

FINALIDADE:

- A Fundación Compostela Deporte de acordo cos seus estatutos ten por obxecto o fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas compostelás e a consolidación ou atracción de eventos deportivos que poidan celebrarse na cidade de Santiago, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento á sociedade en xeral.
- Os premios do Plan Deporte e Vida (PIDEVI) forman parte do Plano de Fomento e Ordenación da práctica deportiva entre as mozas e mozos composteláns e teñen como finalidade recoñecer a aqueles clubs que se distinguen por educar os/as deportistas potenciando e recuperando os bos comportamentos e valores que, xunto ao esforzo pola superación persoal e o traballo en equipo, constitúen a base formativa dunha sociedade plural e solidaria.

OBXECTIVOS:

Premiar aos clubs de Santiago e incentivar:

- A súa tarefa a prol do deporte base da cidade.
- Formación dos/as deportistas, técnicos e árbitros .
- Que favorezan os comportamentos cívicos e a transmisión de valores sociais e humanos a través do deporte.
- Sensibilización dos clubs e deportistas da importancia dos bos hábitos saudábeis.
- A Mellora da educación cara á non violencia.
- Responsabilidade social corporativa das empresas
- Recoñecer publicamente entidades e persoas que apoian ao deporte.

BENEFICIARIOS:

- **Todos os clubs federados** que desenvolvan a súa actividade deportiva no Concello de Santiago e na súa comarca.

REQUISITOS:

- Desenvolver a actividade dentro do **ámbito das Federacións Deportivas.**
- **Cumprimentar a folla de solicitude** dos Premios do Programa Deporte e Vida (PIDEVI) e presentar unha memoria.

SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN:

- As solicitudes formalizaranse mediante instancia dirixida á Fundación Compostela Deporte, co domicilio no Estadio de San Lázaro, Porta 16. Así mesmo as anteditas solicitudes virán acompañadas dunha memoria explicativa dos méritos que reúne a entidade deportiva para ser merecedora do premio ou premios aos que decida optar a mesma e presentar unha programación para a presente tempada a desenvolver coa remuneración económica do premio.
- **O prazo finaliza o 22 de decembro de 2008.**

COMITÉ DE SELECCIÓN DO PLAN PIDEVI:

A Fundación Compostela Deporte creará un Comité de Selección dos Premios DEPORTE e VIDA no que estarán representados:

- **A USC**
- **As Federacións de Deportes Colectivos**
- **As Federacións de Deportes Individuais**
- **Os árbitros/as**
- **Os pais e nais**
- **Os empresarios/as**

Este Comité de Selección outorgará os premios PIDEVI en cada unha das categorías baseándose nos seguintes Criterios de Valoración:

- **SAÚDE**
 - Hixiene
 - Alimentación/Nutrición
 - Controis médicos
 - Prevención do consumo de drogas legais (alcohol, tabaco) e ilegais
 - Fomento de hábitos saudábeis

▪ **EDUCACIÓN**

- Fomentar valores
 - Traballo en equipo
 - Superación
 - Esfuerzo
 - Compromiso
- Actuacións no ámbito do comportamento (Pais, compañeiros, contrarios, adestradores e árbitros)
- Plans de Formación para adestradores, directivos, deportistas.
- Respecto polas instalacións e material deportivo.

▪ **BENESTAR**

- Fomento do deporte feminino
- Programas Solidarios con colectivos en riscos de exclusión
- O deporte como reinserción social
- Concesión de Bolsas para os deportistas con menos recursos.
- Fomento da actividade deportiva na familia.

▪ **NON-VIOLENCIA**

- Plans de prevención da violencia nos campos.
- Fomento da Deportividade entre os atletas do clube.
- Clubes menos sancionados pola súa respectiva federación.
- Respecto ás normas

ABONO DOS PREMIOS:

1) **Premios DEPORTE e VIDA** cunha contía de **3.000 €** en cada un dos seguintes apartados baseándose nos Criterios de Valoración establecidos na presente convocatoria:

- **SAÚDE**
- **EDUCACIÓN**
- **BENESTAR SOCIAL**
- **NON VIOLENCIA**

2) **PREMIO ESPECIAL DEPORTE e VIDA** de **10.000€** para o clube que sexa merecedor de tal distinción pola súa labor na execución conxunta dos catro programas anteditos.

3) **PREMIO DEPORTE e INVESTIGACIÓN** por valor de **6.000€** entre os traballos científicos realizados neste apartado.

TROFEOS SOLIDARIOS:

A Fundación Compostela Deporte entregará no Acto Oficial os trofeos a **EMPRESA SOLIDARIA** que se distinga no apoio ao deporte compostelán a

través da súa responsabilidade social corporativa e a **ORGANIZACIÓN/ ASOCIACIÓN SOLIDARIA** que se distinga no apoio ao deporte compostelán.

A Fundación Compostela Deporte resérvase o dereito a poder ampliar os premios concedendo os accésit que considere oportunos, así como declarar deserto un ou varios premios no caso de que as accións presentadas non reúnan as condicións necesarias para seren premiadas.

CONFIDENCIALIDADE:

A Fundación Compostela Deporte comprométese a gardar confidencialidade sobre os datos e as solicitudes recibidas.

DOTACIÓN ORZAMENTARIA:

- O Comité Executivo da Fundación Compostela Deporte acordou un orzamento de trinta mil euros (**30.000 €**) para o desenvolvemento do Programa Deporte e Vida.

A participación nestes premios implica a aceptación das presentes bases e a decisión do Comité de Selección que terá carácter irrevogábel.

En Santiago de Compostela, a 10 de novembro de 2008



**PREMIOS
DEPORTE E VIDA**